



**Resolución do 23 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2020/21.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 105 desta lei, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

O novo marco curricular do sistema educativo galego trata de garantir que o alumnado adquira non só coñecementos curriculares senón, tamén, que acade as competencias clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social. Para isto faise necesario utilizar estratexias metodolóxicas activas, recursos que o alumnado identifique como motivadores e próximos á súa realidade tecnolóxica e un enfoque interdisciplinar da aprendizaxe.

Neste senso, a robótica educativa pode xogar un papel destacado xa que permite traballar as áreas de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (STEM nas súas siglas en inglés) de xeito integrado e afectando a calquera das materias do currículo. Con este programa, búscase introducir de maneira curricular a robótica e o pensamento computacional, e polo tanto a programación, na etapa de educación primaria nos cursos 4º, 5º ou 6º.

Esta acción enmárcase na Estratexia Galega de Educación dixital (Edudixital 2020).

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral:

**RESOLVE:**

**Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para participar no programa de innovación educativa “Introdución á robótica educativa en primaria” durante o curso 2020/21 co fin de que o alumnado poida iniciarse na experiencia de programación básica, robótica e construción.

Establécese a continuidade neste programa para os centros participantes durante o curso 2019/20 nas condicións establecidas nesta resolución. Ademais, estes centros poderán solicitar unha ampliación da súa participación. A súa selección estará suxeita a que non se cubran todas as prazas para centros de nova incorporación.

O presuposto para este programa será de 200.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423B.229 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dos orzamentos do 2020. Cada centro participante recibirá unha achega económica de valor segundo o reparto do presuposto do programa entre o número final de centros seleccionados.

Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.

**Segundo. Destinatarios**

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que impartan ensinanzas de educación primaria.

Este programa vai dirixido ao alumnado dos cursos 4º, 5º ou 6º de educación primaria.

Poderá participar neste programa o profesorado que imparta docencia en educación infantil ou primaria do centro solicitante, con preferencia para os de 4º, 5º ou 6º de educación primaria durante o curso 2020/21.



### **Terceiro. Características do programa**

O programa “Introdución á robótica educativa en primaria” ten como principal fin que o alumnado poida iniciarse na experiencia de programación básica, robótica e construción.

Cada centro educativo ao que vai destinado esta convocatoria, dentro da súa autonomía, pode integrar a robótica de diversas maneiras: mediante unha materia de libre configuración de centro no marco da normativa vixente (Artigo 8 do Decreto 105/2014), dentro das materias de forma transversal, a través de programas de innovación educativa desta consellería ou obradoiros que se desenvolvan fóra do horario lectivo.

Con carácter xeral, os docentes que formen parte do proxecto serán como mínimo 2, un dos cales actuará como persoa coordinadora e o resto como docentes participantes.

Cara ao curso 2020/21 terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se puidesen dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) para a organización e desenvolvemento adaptado a cada escenario.

### **Cuarto. Solicitude e documentación**

1. Cada centro de nova incorporación ou que solicite ampliación deberá presentar a seguinte documentación:

- Anexo de solicitude
- Proxecto, onde se especifique:
  - Persoa coordinadora e profesorado participante (nome, apelidos, especialidade e DNI)
  - Niveis educativos no que se implementará o proxecto (4º, 5º ou 6º de educación primaria).
  - Breve informe sobre a experiencia do profesorado ou do centro participante en proxectos relacionados coa robótica, programación e o fomento STEM ou proxectos de innovación educativa desta consellería.
  - Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2020/21. No caso dos centros que participaron neste programa durante o curso 2019/20, e que queiran presentarse a esta convocatoria, este proxecto deberá ser unha ampliación do que desenvolveron. Esta ampliación pode consistir en aumento dos cursos, alumnado participante ou da maneira en que se integra a robótica no desenvolvemento do proxecto.

Compre que a proposta teña en conta a posibilidade de desenvolver o proxecto a través de estratexias versátiles que posibiliten a adaptación a distintos escenarios de aprendizaxe (presenciais e virtuais) de acordo co sinalado no apartado 3.

- Certificado asinado pola persoa directora de que o Claustro e o Consello Escolar foron informados da participación neste programa.

2. A solicitude e documentación dirixirase á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación (Anexo de solicitude, proxecto e certificado Claustro e Consello Escolar). Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

### **Quinto. Continuidade dos centros "Introdución á robótica educativa en primaria"**

1. Os centros participantes neste programa durante o curso 2019/20, considéraselle automaticamente prorrogada a súa participación durante o curso 2020/21 e non precisan realizar unha nova solicitude, se o proxecto a desenvolver é o mesmo.



2. No caso de producirse cambios nas condicións de participación no proxecto respecto ao profesorado participante, comunicaranse por correo electrónico ao enderezo [roboticaprimaria@edu.xunta.gal](mailto:roboticaprimaria@edu.xunta.gal) mediante certificado asinado pola persoa directora do centro no prazo establecido nesta convocatoria.

#### **Sexto. Prazo de solicitude**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación finalizará o 9 de outubro de 2020.

#### **Sétimo. Criterios de selección**

1. Centros que fagan unha proposta de integración curricular na aula ou como materia de libre configuración de centro (ata 40 puntos).
2. Proposta de proxecto “Robótica educativa en primaria”: calidade, coherencia, implicación de docentes (ata 30 puntos).
3. Experiencia previa do centro ou dos docentes participantes en proxectos relacionados coa robótica, programación e fomento STEM (ata 20 puntos).
4. Participación do centro en actividades de innovación educativa desta consellería (ata 10 puntos).

#### **Oitavo. Dotación material**

1. Cada centro docente de nova incorporación seleccionado para desenvolver o programa recibirá unha dotación de material relacionada coa robótica educativa para poder levar a cabo o proxecto.
2. De non cubrirse todas as prazas para centros de nova incorporación, esta dotación a recibirán os centros docentes participantes neste programa durante o curso 2019/20 e que presentaran un novo proxecto de ampliación a esta convocatoria, segundo os criterios de selección establecidos.
3. A dotación material estará formada polos seguintes mínimos:
  - 6 robots de uso educativo, adecuados ás idades do alumnado.
  - 6 kits de construción, que permitan a realización dun mínimo de 5 proxectos diferentes.
  - Manual de uso e guía didáctica.

#### **Noveno. Dotación económica**

1. Cada centro docente seleccionado nesta convocatoria recibirá unha achega económica, e será transferida nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2020.
2. O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación nesta convocatoria e en ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.
3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 30 de xuño de 2021 e serán debidamente xustificadas ante a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. As facturas correspondentes deberán ser custodiadas no centro educativo, que poderán ser requiridas pola dita Secretaría Xeral.
4. A non xustificación do gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades concedidas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que lles poida esixir.

#### **Noveno. Comisión de selección**

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e





Formación do Profesorado (ou persoa en quen delegue).

- Vogais:

- Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo (ou persoa en quen delegue).
- Persoa titular da Xefatura de Servizo de Formación do Profesorado.
- Unha persoa asesora do Servizo de Formación do Profesorado.
- Dúas persoas asesoras da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, unha das cales actuará como secretaria.

#### **Décimo. Resolución provisional**

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
2. Logo da publicación da resolución provisional abrírase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante o presidente da comisión. O procedemento é o indicado no apartado cuarto, punto 2.

#### **Décimo primeiro. Resolución definitiva**

1. Transcorrido este prazo, a comisión realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.
2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorre o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### **Décimo segundo. Avaliación da participación no programa**

Os centros admitidos nesta convocatoria deberán enviar unha memoria de desenvolvemento do programa segundo o procedemento establecido no apartado cuarto, punto 2 antes do 15 de xullo de 2021. Esta memoria deberá realizala a persoa coordinadora e estará formada polos seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante (nome, apelidos e DNI), identificando a persoa coordinadora.
3. Proxecto realizado.
4. Visibilización das actividades realizadas en relación ás canles das que dispón o centro ou das empregadas habitualmente: web do centro, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar etc.
5. Relación de gastos derivados da participación no programa.
6. Conclusións e valoracións.





A non entrega desta memoria, ou a súa baixa calidade, poderá valorarse como criterio para a continuación do centro en vindeiras convocatorias.

#### **Décimo terceiro. *Compromisos do centro e do profesorado participante***

1. Os centros seleccionados para participar neste programa durante o curso 2020/21 colaborarán nas actividades de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da consellería dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiránse baixo a licenza “Creative Commons” que sexa *BY-NC-SA* que combine as propiedades “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.

2. O profesorado participante comprométese a participar na formación específica que se oferte durante o curso 2020/2021 e a contar cun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

#### **Décimo cuarto. *Certificación do profesorado participante***

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no proxecto “Introdución á robótica educativa en primaria” como actividade de innovación educativa previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.

#### **Décimo quinto. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal***

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

